# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES PEDRA DA AUGA. PONTEAREAS
CURSO: 2ª, 3ª, 4º ESO. 1º BACHARELATO
MATERIA: MÚSICA ESO. LINGUAXE MUSICAL 1º Bacharelato
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 11 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

**MÚSICA 2º ESO**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. Páx. 2 - 5**

2. **Avaliación e cualificación. Páx. 6 - 7**

**MÚSICA 3º ESO**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. Pax. 8 - 9**

2. **Avaliación e cualificación. Páx. 10 -12**

**MÚSICA 4º ESO**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. Páx. 13 -14**

2. **Avaliación e cualificación. Páx. 15 – 17**

**LINGUAXE MUSICAL 1º BACHARELATO**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. Páx. 18 -20**

2. **Avaliación e cualificación. Páx. 21 -22**

**ESO e 1º BACHARELATO**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación). Páx. 23**

4. **Información e publicidade. Páx. 24**

# MÚSICA. 2º de ESO

CONTIDOS: B1: Interpretación e Creación (IC) B2: Escoita (E) B3: Contextos musicais e culturais (CMC) B4: Música e Tecnoloxías (MT)

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|
| **Bloque 1. Interpretación e creación** | | | |
| ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | 50% valoración | CCEC<br>CCL<br>CMCCT<br>CAA |
| | ▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | 50% valoración | CMCCT<br>CCEC<br>CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| ▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música colocación das notas no pentagrama; clave de sol; duración das figuras. Células rítmicas básicas en compases de subdivisión binaria 2/4,3 /4 4/4. Células rítmicas básicas en compases de subdivisión ternaria 6/8 signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.. | ▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música colocación das notas no pentagrama; clave de sol; duración das figuras. Células rítmicas básicas en compases de subdivisión binaria 2/4, 3/4, 4/4. Subdivisión ternaria 6/8. Os signos que afectan a intensidade, matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.. | 50% valoración | CCEC<br>CMCCT<br>CCL<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ B1.3. Interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis básicos en subdivisión binaria 2/4, 3 /4 e 4/4 e ternaria 6/8. | ▪ MUB1.3.1. interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos/escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | 50% valoración | CAA<br>CCEC<br>CMCCT<br>CCL |
| | ▪ MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar crear fragmentos rítmico/melódicos de 8 compases en subdivisión binaria 2/4, 3/ 4 e 4/4 e subdivisión ternaria 6/8. | 50% valoración | CAA<br>CCEC<br>CMCCT<br>CISEE |
| | ▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | 50% valoración | CCEC<br>CAA<br>CMCCT<br>CCL<br>CISEE |
| ▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación de pezas musicais aprendidas a través da memorización ou da lectura de partituras. | ▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas instrumentais aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | 50% valoración | CCEC<br>CSC<br>CAA<br>CMCCT<br>CCL<br>CISEE |

<table>
<tr><td></td><td>▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, respecto da pulsación e do compás por medio da audición interior. A través da lectura da partitura ou de memoria, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación.</td><td>50% valoración</td><td>CSC<br>CCEC<br>CISEE<br>CAA<br>CMCCT<br>CCL</td></tr>
<tr><td colspan="4">Bloque 2. Escoita</td></tr>
<tr><td>▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.<br>▪ B2.2. Diferenciar os diferentes elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, timbre, forma, tempo e dinámica.</td><td>▪ MUB2.1.1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, clasifícaos segundo o axente que produce o son. Diferenza os tipos de voces masculina e feminina.<br>▪ MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. Diferenza os diferentes elementos que interveñen na construción dunha obra musical</td><td>50% valoración</td><td>CCEC<br>CAA<br>CSIEE<br>CSC</td></tr>
<tr><td colspan="4">Bloque 3. Contextos musicais e culturais</td></tr>
<tr><td rowspan="2">▪ B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.</td><td>▪ MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical.</td><td>50% valoración</td><td>CCEC<br>CSC</td></tr>
<tr><td>▪ MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais ou instrumentais do patrimonio cultural.</td><td>50% valoración</td><td>CCEC<br>CCL<br>CMCCT<br>CISEE</td></tr>
</table>

| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
|---|---|---|---|
| ▪ B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar ou reproducir música.<br>▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical tanto na aprendizaxe como indagación do feito musical.<br>▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | 50% valoración | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CISEE<br>▪ CCL |

Competencias clave Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes: a) Comunicación lingüística (CCL). b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). c) Competencia dixital (CD). d) Aprender a aprender (CAA). e) Competencias sociais e cívicas (CSC). f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

| 1. Avaliación e cualificación. 2º ESO | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos para recuperar as 1ª e/ou 2ª avaliacións:<br>Entrega a través da aula virtual das actividades específicas de recuperación para os contidos teóricos de linguaxe musical e cultura musical. Os contidos prácticos de interpretación instrumental avaliaranse por medio de videoconferencia, no seu defecto, a través da gravación de vídeo. |
| | Instrumentos para recuperar as 1ª e/ou 2ª avaliacións:<br>Actividades escritas avaliables sobre os contidos teóricos de linguaxe musical e cultura musical.<br>Interpretación instrumental por videoconferencia / gravación de vídeo das partituras estudadas nos 1º e/ou 2 trimestre. |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>A cualificación final resultará da media das dúas avaliacións aprobadas.<br>As actividades desenvolvidas na 3ª avaliación subirán 1 punto como máximo á media. Ese punto dividirase entre o número de actividades totais do 3ª trimestre, descontarase proporcionalmente a puntuación das non realizadas.<br>O alumnado suspenso nas 1ª e/ou 2ª avaliación que supere as actividades de recuperación será cualificado polo mesmo procedemento que o alumnado aprobado. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | O alumnado que non supere o curso en xuño e opte a proba extraordinaria de setembro realizará dúas probas, unha de contidos teóricos e outra de contidos prácticos.<br>A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluirá os contidos teóricos e prácticos da materia impartidos só na 1ª e 2ª avaliación. A cualificación obterase coa suma dos dous apartados de contidos.<br><br>A) CONTIDOS TEÓRICOS: 50% da nota final<br><br>A proba de preguntas puntuará de 0 a 10.<br>Exemplos de posibles de preguntas/exercicios dos contidos de linguaxe musical/cultura musical:<br>- Exercicio de escribir o nome das notas en clave de Sol no pentagrama con 2 liñas adicionais máximo. Ou escribir o nome no pentagrama segundo o nome da liña de partida. (0,5 puntos)<br>- Exercicio para completar compases usando figuras/ silencios/puntiño: 2/4 , 3 /4 ou 4/4. Compás 6/8. (1 punto)<br>- Exercicio para pór liñas divisorias: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4. (1 punto)<br>- Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? (1 punto)<br>- Exercicio de contar pulsos de subdivisión binaria das células rítmicas dadas. (1 punto)<br>- Escribe o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3 /4, 4/4 e 6/8. (1 punto) |

| | |
|---|---|
| | - Exercicio de pór o nome as notas en clave de Sol. Exercicio de pór o nome as notas no pentagrama, segundo a nota de partida. (1 punto)<br>- Exercicio de pór células rítmicas a palabras ou viceversa. (1 punto).<br>- Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran nun fragmento de 4 compases: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4. (0,5 puntos)<br>- Definicións de termos musicais. (2 puntos)<br><br>*Terase en conta o seguinte:*<br>*Se o alumnado é sorprendido copiando, será puntuado cun 0 nesa proba.*<br><br>B) CONTIDOS PRÁCTICOS: 50% da nota final.<br><br>Proba de interpretación instrumental de 2 pezas escollidas polo alumnado das estudadas na 1ª e 2ª avaliacións. O alumnado poderá interpretalas na frauta doce ou en calquera outro instrumento melódico. A puntuación máxima das 2 pezas será de 10 puntos. Descontarase 0.25 puntos da puntuación total por cada erro.<br><br>▪ Interpretación instrumental “a solo” de 1 peza atendendo á lectura da partitura ou de memoria (5 puntos).<br>▪ Interpretación instrumental “con acompañamento pianístico” de 1 peza, atendendo á lectura da partitura ou de memoria (5 puntos).<br><br>*Terase en conta o seguinte: Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respectará as pautas da interpretación segundo sexa “a solo” ou con acompañamento pianístico.* |
| **Alumnado de materia pendente** | **No curso 2019/20 non hai alumnado coa materia de música de 2º da ESO pendente.** |

| MÚSICA. 3º ESO<br>CONTIDOS: B1: Interpretación e Creación (IC) B2: Escoita (E) B3: Contextos musicais e culturais (CMC) B4: Música e Tecnoloxías (MT) | | | |
|---|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| B1.1Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música: claves, figuras, compases, agóxica, dinámica.<br>Coñecer os elementos básicos da harmonía: intervalos, acordes, escalas maior e menor. | B1.1.1 Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música.<br>Coñece os elementos básicos da harmonía: Intervalos, acordes, escalas maior e menor. | 50% de valoración | CCEC<br>CCL<br>CMCCT<br>CAA |
| B1.2Analizar e comprender o concepto de textura monódica, homofónica e polifónica a través da audición, interpretación.<br>Ler e analizar as partituras traballadas na aula, e de exemplos característicos das diferentes épocas históricas. | B1.2.1 Recoñece, comprende e analiza as texturas monódica, homofónica e polifónica a través da audición,<br>interpretación, lectura, e análise de partituras de diferentes épocas da historia. | 50% de valoración | CCEC<br>CAA<br>CLC<br>CMCCT |
| B1.6 Participar activamente nas actividades de Interpretación. Interpretar cancións de diferentes épocas da historia da música.<br>B1.6.4 Practicar as pautas básicas da interpretación: silencio, audición interior, memoria amosando espírito crítico ante a súa interpretación. | B1.6.1 Practica, memoriza e interpreta cancións instrumentalmente, de diferentes épocas da historia da música.<br>B1.6.4 Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, audición interior e memoria amosando espírito crítico ante a súa interpretación. | 50% de valoración | CCEC<br>CSC<br>CSIEE<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| B2.5 Identificar e describir mediante o uso de distintas linguaxes algúns elementos e formas de organización e estructuración musical (ritmo, melodía, textura, timbre…) das obras estudadas no curso das etapas Idade media, Renacemento e Barroco. | B2.5.1 Describe de xeito pormenorizado os diferente elementos das obras musicais estudadas usando distintas linguaxes.<br>B2.5.3 Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | 50% de valoración | CCEC<br>CAA<br>CCL |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B4.1 Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar e reproducir música.<br>B4.2 Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | B4.1.1 Coñece algunhas das habilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.<br>B4.2.1 Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | 50% de valoración | CD<br>CCEC<br>CAA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B2.1 Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións máis elementais: Coro SATB e orquestra. | B2.1.3 Identifica e describe as posibilidades da voz en agrupación coral SATB e os instrumentos da orquestra. | 50% de valoración | CECC<br>CAA |
| B3.5 Empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música. | B3.5.1 Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.<br>B3.5.2 Comunica coñecementos. Xuízos de xeito oral escrito con rigor e claridade. | 50% de valoración | CCL |
| B3.4 Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música: Idade Media, Renacemento e Barroco.<br>B2.4 Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen as obras da Idade Media e Renacemento | B3.4.1 Distingue as características e sitúa temporalmente as etapas da historia: Idade Media, Renacemento e Barroco.<br>B2.4.1 Recoñece e sitúa no espazo e no tempo as pezas seleccionadas | 50% de valoración | CCEC<br>CCL<br>CAA<br>CSC |

Competencias clave  Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:    a) Comunicación lingüística (CCL).  b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).  c) Competencia dixital (CD).  d) Aprender a aprender (CAA).  e) Competencias sociais e cívicas (CSC).  f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).  g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

| 2. Avaliación e cualificación. 3º da ESO | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos para recuperar as 1ª e/ou 2ª avaliacións:<br>Entrega a través da aula virtual das actividades específicas de recuperación para os contidos teóricos de linguaxe musical e cultura musical.<br>Os contidos prácticos de interpretación instrumental da 1ª e 2ª avaliación quedaron avaliados e superados por todo o alumnado antes do 13 de marzo. |
| | Instrumentos para recuperar as 1ª e/ou 2ª avaliacións:<br>Actividades ou traballos escritos avaliables sobre os contidos teóricos de linguaxe musical e cultura musical.<br>Os contidos prácticos de interpretación instrumental da 1ª e 2ª avaliación quedaron avaliados e superados por todo o alumnado antes do 13 de marzo. |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>A cualificación final resultará da media das dúas avaliacións aprobadas.<br>As actividades desenvolvidas na 3ª avaliación subirán 1 punto como máximo á media. Ese punto dividirase entre o número de actividades totais do 3ª trimestre, descontarase proporcionalmente a puntuación das non realizadas.<br>O alumnado suspenso nas 1ª e/ou 2ª avaliación que supere as actividades de recuperación será cualificado polo mesmo procedemento que o alumnado aprobado. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | O alumnado que non supere o curso en xuño e opte a proba extraordinaria de setembro realizará dúas probas, unha de contidos teóricos e outra de contidos prácticos.<br>A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluirá os contidos teóricos e prácticos da materia impartidos só na 1ª e 2ª avaliación. A cualificación obterase coa suma dos dous apartados de contidos.<br><br>A) CONTIDOS TEÓRICOS. 50% da nota final<br>1. Contidos de linguaxe musical. 6 PUNTOS. Exemplos de posibles preguntas/exercicios dos contidos de linguaxe musical/cultura musical:<br>o Exercicio para completar compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8) usando figuras/ silencios/puntiño. (0,5 puntos)<br>o Exercicio para pór liñas divisorias compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,25 puntos)<br>o Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? Exercicio de contar pulsos de subdivisión binaria e ternaria, usando as células rítmicas dadas neste curso. (0,25 puntos)<br>o Cuestión: Pór o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4 // 6/8, 9/8, 12/8 . (0,25 puntos) |

| | |
|---|---|
| | ○ Exercicio de pór o nome ás notas clave de Sol, clave de Fa en 3ª e 4ª liñas, clave de Do en 1ª, 2ª, 3ª, e 4ª liñas . (0,5 puntos)<br>○ Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran, nun fragmento de 4 compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,25 puntos)<br>○ Exercicio de pór ritmo (células rítmicas) a palabras ou palabras a esquemas rítmicos en subdivisión binaria ou ternaria, entre as células rítmicas traballadas ao longo do curso. (0,5 puntos)<br>○ Exercicio de intervalos simples e compostos: clasificación atendendo a estes parámetros:distancia, conxunto/disxunto, melódico/harmónico, simple/composto. (0,5 puntos)<br>○ Exercicio de tonalidade Maior e menor. Escribir as escalas modelo DO M e La m, colocar os lugares onde se atopan os semitóns (0,5 puntos)<br>○ Escribe no pentagrama una melodía de 8 compases en Do Maior / La menor utilizando un destes compases 2/4, 3/ 4 ou 4/4 e as células rítmicas traballadas no curso. (2,5 puntos).<br><br>2. Contidos de cultura musical. 4 PUNTOS<br>Exercicio de audición. O alumnado escollerá unha audición, de entre as tres que escoitará no exame (Idade Media, Renacemento e Barroco). Será quen de reflectir o seguinte:<br>1. Título da audición. (0,5 puntos)<br>2. Autor/compositor. (0,25 puntos)<br>3. Etapa histórica, século a que pertence. (0,25 puntos)<br>4. Comentario (3puntos) O comentario incluirá estes apartados:<br>▪ Características básicas da sociedade desa época. (0,25puntos).<br>▪ Características da música desa étapa histórica. (0,5 puntos).<br>▪ Explicación redactada das características musicais da audición: Xénero/s ao/s que pertence (relixioso, profano, culto, dramático, programática, descriptivo, vocal -concertante, a capella, clasificación dos tipo de voz/voces, tipo de agrupación- , instrumental –tipo de agrupación, instrumentos que a conforman-) (0,75 puntos).<br>▪ Forma: definición e características da mesma. Exemplo oratorio, concerto, sinfonía, ópera … (1 punto).<br>▪ Textura. Monofonía, polifonía, homofonía, heterofonía. (0,25 puntos).<br>▪ Outras obras importantes do autor/compositor, ou do xénero no caso de ser unha peza anónima. (0,25 puntos).<br>*Terase en conta o seguinte:*<br>*Se o alumnado é sorprendido copiando, será puntuado cun 0 nesa proba.*<br><br>B) CONTIDOS PRÁCTICOS. 50 % da nota final<br>Contidos de interpretación instrumental. Puntuación sobre 10.<br>O alumnado elixirá dúas pezas das estudadas ao longo do curso:<br>1. Interpretación instrumental "a solo" dunha das pezas. (5 puntos) |

| | |
|---|---|
| | 2. Interpretación instrumental da outra peza "con acompañamento pianístico" da profesora. (5 puntos)<br>*Terase en conta o seguinte:*<br>*Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respectará as pautas da interpretación segundo sexa a solo, ou con acompañamento pianístico. Descontarase 0.25 puntos por cada erro, da puntuación total.* |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación:<br>○ Coñecer os elementos básicos para a representación gráfica da música: pentagrama, claves, figuras e silencios, líneas adicionais, divisorias, compases (subdivisión binaria, ternaria), síncopa e contratempo. Tonalidade Maior / menor.<br>○ Aplicar o coñecemento da linguaxe musical en exercicios escritos de: completar compases, pór liñas divisorias, utilizar as células rítmicas básicas de subdivisión binaria/ ternaria, crear compases, escribir o nome das notas segundo as claves, clasificar intervalos, distinguir os modos Do Maior e La menor.<br>○ Distinguir, situar e caracterizar as etapas da historia da música: Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo e Século XX.<br>○ Identificar e describir mediante o uso de distintas linguaxes os diferentes xéneros texturas e formas musicais representativos das diferentes etapas da historia da música.<br>○ Coñecer os autores máis representativos das etapas da historia da música. |
| | Criterios de cualificación:<br>A puntuación será sobre 10 a nota obterase a partir das seguintes porcentaxes:<br>○ Contidos de historia da música 50% da puntuación total.<br>○ Contidos de linguaxe musical 50 % da puntuación total. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>○ Entrega a través da aula virtual de tres traballos de historia da música: Idade Media e Renacemento // Barroco e Clasicismo // Romanticismo e Século XX que reflictan os contidos do curso.<br>○ Entrega a través da aula virtual dun caderno de actividades de linguaxe musical que reflictan os contidos mínimos do curso. |

| MÚSICA. 4º de ESO<br>CONTIDOS: B1: Interpretación e Creación (IC) B2: Escoita (E) B3: Contextos musicais e culturais (CMC) B4: Música e Tecnoloxías (MT) | | | |
|---|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| B1.1. Ensaiar e interpretar pezas vocais ou instrumentais aprendidas de memoria a través da audición ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. | MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación instrumental aprendidas de memoria a través da audición ou mediante a lectura de partituras e otros recursos gráficos<br>MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. Coñece e distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música. Linguaxe musical en compases de subdivisión binaria ou ternaria (2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8 e 12/8), células rítmicas ata semicorchea en subdivisión binaria e corchea e silencio de corchea en subdivisión ternaria; contratempo e síncopa en subdivisión binaria, claves, coñecemento dos intervalos e os acordes como base da harmonía e da tonalidade. | 50% de valoración | CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CCL<br>CMCCT |
| B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas. | MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.<br>MUB2.1.2. Le e analiza partituras ou musiogramas como apoio á audición. | 50% de valoración | CMCCT<br>CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras representativas dos contidos relativos á Música Popular e á Ópera. | MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música das obras representativas dos contidos relativos á Música Popular e á Ópera. | 50% de valoración | CCL<br>CCEC |
| B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.<br>Coñecer a Ópera e analizar a súa orixe, características, partes, autores máis representativos e a súa presenza nas diferentes etapas históricas. | MUB4.4.1. Coñecemento e análise da orixe a das características do Jazz e da música Popular Pop, Rock e da música lixeira. Coñecemento da Ópera e análise da súa orixe, características, partes, autores máis representativos e a súa presenza nas diferentes etapas históricas. | 50% de valoración | CAA<br>CSC<br>CCL<br>CD<br>CCEC |
| B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical. | MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais como a realización de actividades musicais, traballos, e para a súa formación. | 50% de valoración | CAA<br>CD<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE |
| B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilizalas con autonomía. | MUB4.5.1. Coñece as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.<br>MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | 50% de valoración | CD<br>CCEC<br>CCL<br>CAA<br>CL<br>CSIEE |

Competencias clave Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes: a) Comunicación lingüística (CCL). b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). c) Competencia dixital (CD). d) Aprender a aprender (CAA). e) Competencias sociais e cívicas (CSC). f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

| 1. Avaliación e cualificación. 4º ESO | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos para recuperar a 1ª e/ou 2ª avaliación:<br>Entrega a través da aula virtual das actividades específicas de recuperación para os contidos teóricos de linguaxe musical/cultura musical. Os contidos prácticos de linguaxe e interpretación instrumental avaliaranse por medio de videoconferencia, no seu defecto, a través da gravación de vídeo. |
| | Instrumentos para recuperar a 1ª e/ou 2ª avaliación:<br>Actividades escritas avaliables sobre os contidos teóricos de linguaxe musical/cultura musical.<br>Interpretación instrumental por videoconferencia, no seu defecto, gravación de vídeo, das partituras estudadas no 1º/2º trimestres. |
| **Cualificación final** | Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>A cualificación final resultará da media das dúas avaliacións aprobadas. As actividades desenvolvidas na 3ª avaliación subirán 1 punto como máximo á media. Ese punto dividirase entre o número de actividades totais do 3ª trimestre, descontarase proporcionalmente a puntuación das non realizadas.<br><br>O alumnado suspenso nas 1ª e/ou 2ª avaliación que supere as actividades de recuperación será cualificado polo mesmo procedemento que o alumnado aprobado. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | O alumnado que non supere o curso en xuño e opte a proba extraordinaria de setembro realizará dúas probas, unha de contidos teóricos e outra de contidos prácticos.<br>A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluirá os contidos teóricos e prácticos da materia impartidos só na 1ª e 2ª avaliación. A cualificación obterase coa suma dos dous apartados de contidos.<br><br>CONTIDOS TEÓRICOS. 50% da nota final<br>1. Contidos de linguaxe musical. *6 PUNTOS*<br>○ Exercicio para completar compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8) usando figuras, silencios coas células rítmicas aprendidas no curso. (0,5 puntos)<br>○ Exercicio para pór liñas divisorias compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,5 puntos)<br>○ Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? Exercicio de contar pulsos de subdiv. binaria e ternaria, usando as células rítmicas aprendidas no curso. (0,5 puntos)<br>○ Cuestión: Pór o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4 // 6/8, 9/8, 12/8 . (0,5 puntos)<br>○ Exercicio de pór o nome as notas clave de Sol, clave de Fa en 3ª e 4ª liñas, clave de Do en 1ª, 2ª, 3ª, e 4ª liñas. (0,5 puntos)<br>○ Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran, nun fragmento de |

| | |
|---|---|
| | 4 compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,5 puntos)<br>○ Exercicio de pór ritmo (coas células rítmicas aprendidas dadas) a un texto: frase célebres ou refráns, en subdivisión binaria ou ternaria. (0,5 puntos)<br>○ Escribe no pentagrama una melodía de 8 compases nunha escala maior ou menor entre as seguintes: Do Maior/ La menor, utilizando un destes compases 2/4, 3/ 4, 4/4 e 6/8, 9/8 e 12/8 coas células rítmicas traballadas no 1º e 2º trimestre. (2,5 puntos)<br><br>*2.* Contidos de cultura musical. *4 PUNTOS*<br>○ Exercicio de audición. O alumnado escollerá unha audición, de entre as 3 que escoitará no exame. Estas audicións seleccionaranse entre as traballadas nos 1º e 2º trimestes sobre os contidos: A música popular (Jazz, Pop e Rock, música lixeira cuplé, cabaré...). A ópera. Será quen de reflectir o seguinte:<br><br>1. Título da audición. (0,5 puntos)<br>2. Autor/compositor/intérprete. (0,25 puntos)<br>3. Etapa histórica á que pertence. (0,25 puntos)<br>4. Comentario (3 puntos) O comentario incluirá estes apartados:<br>▪ Características básicas da sociedade da época. (0,25 puntos).<br>▪ Características da música dese estilo ou desa etapa histórica. (0,5 puntos).<br>▪ Explicación redactada das características musicais da audición: Xénero/s ao/s que pertence (relixioso, profano, culto, dramático, programática, descriptivo, vocal -concertante, a capella, clasificación dos tipo de voz/voces, tipo de agrupación- , instrumental –tipo de agrupación, instrumentos que a conforman-) (0,75 puntos).<br>▪ Forma: definición e características da mesma. Canción popular, Ópera: aria, recitativo, obertura (1 punto).<br>▪ Textura. Monofonía, polifonía, homofonía, heterofonía. (0,25 puntos).<br>▪ Outras obras importantes do autor/compositor, ou de ser o caso do mesmo estilo. (0,25 puntos).<br>*Terase en conta o seguinte:*<br>*Se o alumnado é sorprendido copiando, será puntuado cun 0 nesa proba.*<br><br>B. CONTIDOS PRÁCTICOS. 50 % da nota final<br>Contidos de interpretación instrumental. Puntuación sobre 10.<br>O alumnado elixirá dúas pezas das estudadas ao longo do curso:<br>1. Interpretación instrumental "a solo" dunha das pezas. (5 puntos)<br>2. Interpretación instrumental da outra peza con "acompañameno pianístico" da profesora. (5 puntos)<br><br>*Terase en conta o seguinte:* |

| | |
|---|---|
| | *Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respectará as pautas da interpretación segundo sexa a solo, ou con acompañamento pianístico. Descontarase 0.25 puntos por cada erro, da puntuación total.* |
| **Alumnado de materia pendente** | **No curso 2019/20 non hai alumnado pendente de música de 4º da ESO.** |

| LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL. 1º BACHARELATO<br>Contidos: B1: Destrezas musicais (DM) B2: A audición comprensiva (AC) B3: A teoría musical (TM) B4: A creación e a interpretación (CI) B5: As tecnoloxías aplicadas ao son (TAS) | | | |
|---|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| B1.1 Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento. | B1.1.3 Aplica a técnica vocal elemental para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura. | 50% de valoración | CMCCT<br>CAA<br>CSC<br>CCL |
| B1.3 Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra<br>breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. | B1.3.1 Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido,estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.<br>B1.3.2 Executa con independencia estructuras rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.<br>B1.3.3 Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.<br>interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva. | 50% de valoración | CMCCT<br>CCEC<br>CCL<br>CAA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B2.1 Recoñece auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio. | B2.1.1 Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva. | 50% de valoración | CSC<br>CMCCT |
| B2.2 Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas. | B2.2.1 Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadencias, formais, tímbricos, etc, das obras escoitadas ou interpretadas.<br>B2.2.2 Utiliza a escritura musical como apoio a audición.<br>B2.2.3 Escoita obras musicais seguindo a a partitura.<br>B2.2.4 Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.<br>B2.2.5 Describe as características das obras escoitadas. | 50% de puntuación nas probas de valoración. | CCEC<br>CCL<br>CAA<br>CMCCT |
| B3.1 Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | B3.1.1 Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. | 50% de puntuación nas probas de avaliación. | CMCCT<br>CSC<br>CCEC<br>CCL |
| B4.3 Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, obras do repertorio estudado na aula | B4.3.1 Coñece o repertorio, traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.<br>B4.3.3 Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.<br>B4.3.4 Aplica a técnica vocal elemental para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación. | 50% de puntuación nas probas de avaliación | CCEC<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B4.4 Coñecer os elementos básicos da composición. Compor unha frase de 8 compases: melodía e acompañamento harmónico.<br>Compor a melodía para un texto poético ou prosáico dado. | B4.4.1 Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos adquiridos: melodía con acompañamento de cordes tríades, uso das cadencias suspensivas (rota e semicadencia) e conclusivas (plagal e perfecta).<br>Tonalidades, maiores ou menores, ata 1 # ou bemol.<br>Composición dunha melodía a unha frase célebre ou texto poético.<br>Coñecemento e uso da variación e do contraste como elementos da composición. | 50% de puntuación nas obras de composición. | CCEC<br>CAA<br>CMCCT<br>CSIEE |

Competencias clave Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes: a) Comunicación lingüística (CCL). b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). c) Competencia dixital (CD). d) Aprender a aprender (CAA). e) Competencias sociais e cívicas (CSC). f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación. 1º BACHARELATO</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos para recuperar a 1ª e/ou 2ª avaliación:<br>Entrega a través da aula virtual das actividades específicas de recuperación e interpretación instrumental videoconferencia/gravación de vídeo, sobre os contidos teóricos/prácticos das avaliacións suspensas.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos para recuperar a 1ª e/ou 2ª avaliación:<br>Actividades escritas avaliables sobre os contidos teóricos de linguaxe musical, harmonía e composición.<br>Lectura rítmica e melódica de exercicios de linguaxe musical e Interpretación instrumental das partituras estudadas no 1º e/ou 2º trimestre por videoconferencia, no seu defecto, gravación de vídeo.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>A cualificación final resultará da media das dúas avaliacións aprobadas. As actividades desenvolvidas na 3ª avaliación subirán 1 punto como máximo á media. Ese punto dividirase entre o número de actividades totais do 3ª trimestre, descontarase proporcionalmente a puntuación das non realizadas.<br><br>O alumnado suspenso nas 1ª e/ou 2ª avaliación que supere as actividades de recuperación será cualificado polo mesmo procedemento que o alumnado aprobado.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>A puntuación máxima será de 10 puntos e incluirá os seguintes apartados:<br><br>A) CONTIDOS TEÓRICOS. 50% da nota final<br>1. Contidos de linguaxe musical. 5 PUNTOS<br>o Exercicio para completar compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8) usando figuras, silencios. Os compases coas células rítmicas aprendidas no curso. (0,5 puntos)<br>o Exercicio para pór liñas divisorias compases de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,5 puntos)<br>o Clasifica os intervalos atendendo á distancia, simple/composto, conxunto/disxunto, melodico/harmónico. (0,5 puntos)<br>o Clasifica os intervalos atendendo á especie con alteracións: #, b, x, bb: Maior/menor, Aumentado/Disminuído, Sobreamentados/sobredisminuídos, Xustos. (1punto)<br>o Exercicio de acordes tríades: construír os acordes Perfecto Maior, Perfecto menor, 5ª disminuída e 5ª aumentada a partir dunha nota dada, natural ou alterada con díese ou bemol. (0,5 puntos)<br>o Realizar as 2 inversións dun acorde tríade dado. (0.5 puntos)<br>o Pór a tonalidade, Maior e menor, que corresponde a 1 armadura dada. (0,5 puntos)<br>o Construír a escala que corresponde a unha tonalidade Maior ou menor. (0,5 puntos)<br>o Escribir e clasificar os acordes tríades que corresponden á escala de</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | Do Maior ou la menor nos grados que se soliciten: tónica, supertónica, mediante, subdominante, dominante, superdominante, sensible/subtónica. (0,5 puntos)<br>2. Composición. *5 PUNTOS*<br>*Exemplo de exame:* Realiza un exercicio de composición tendo en conta o seguinte:<br>▪ Tonalidade: Do M. Compás: 3/4.<br>▪ 16 compases nunha forma binaria A B.<br>▪ Utiliza todas cadencias que coñeces indicándoas no exercicio, (semicadencia na dominante, cadencia rota, cadencia plagal e cadencia perfecta).<br>▪ O acompañamento, estará formado só por acordes tríades en estado fundamental en cada compás deben aparecer todas as notas que conforman o acorde. Indica con números romanos o acorde que usas en cada compás. Para o acompañamento patron rítmico de vals con 3 negras ou corcheas. A melodía, ritmo libre.<br><u>Terase en conta o seguinte:</u><br>Valorarase a corrección da composición, descontando 0.5 puntos por cada erro dos 4 do total. A creatividade e musicalidade puntuarase con 1 punto que completan os 5 do total da proba.<br>Se o alumnado é sorprendido será puntuado cun 0 nesa proba.<br><br>B) CONTIDOS PRÁCTICOS. 50% da nota final<br><br>1. Contidos de interpretación instrumental. Puntuación sobre 10.<br>○ Interpretación instrumental dunha das pezas estudadas ao longo do curso con acompañamento pianístico (4 puntos)<br>○ Lectura rítmica a primeira vista con cambio de compás de subdivisión binaria (2/4, 3/ 4, 4/4) a ternaria (6/8.9/8, 12/8). (4 puntos)<br>○ Lectura de notas en clave de sol. (2 puntos)<br><br><u>Terase en conta o seguinte:</u><br>Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respectará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto.<br>Descontarase 0.25 puntos por cada erro dos 5 do total. |
| **Alumnado de materia pendente** | **No curso 2019/20 non hai alumnado pendente de linguaxe e práctica musical de 1º Bacharelato.** |

| 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) Todos os cursos | |
|---|---|
| **Actividades** | **ESO e 1º BACHARELATO**<br>▪ Exercicios de linguaxe musical tanto de recuperación de avaliacións pendentes, como de repaso, reforzo ou de ampliación, segundo o caso, elaborados polo departamento.<br>▪ Comentario de audicións de pezas musicais para reforzar ou ampliar os contidos de cultura musical.<br>▪ Partituras, co seu audio respectivo, de cancións dadas no curso para repasar ou partituras novas, que reforcen ou amplíen os contidos.<br>▪ **1º bacharelato**: ademais do anteriormente exposto Fichas de exercicios de composición con acompañamento harmónico e composición melódica a un texto dado poético ou prosaico dado. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A liña metodolóxica do departamento de música viuse moi afectada polo estado de alarma establecido a raíz do COVID-19, debido a que a aprendizaxe dos contidos da materia, tanto teóricos como prácticos, viña a través da vivencia da música, da experiencia de ser un "musico" dentro dun grupo, "orquestra".<br>Nestas circunstancias foi prioritario considerar o traballo individual do alumnado como fonte de aprendizaxe, sempre apoiado polos materiais e recursos do departamento. Grazas a aula virtual, aos correos electrónicos e as chamadas telefónicas. |
| **Materiais e recursos** | ▪ Fichas de exercicios de linguaxe musical elaboradas polo departamento.<br>▪ Fichas de exercicios de composición con acompañamento harmónico e composición melódica a un texto dado. Só 1º bacharelato.<br>▪ Apuntamentos do departamento de música, para reforzo ou ampliación.<br>▪ Explicacións escritas dos erros maioritarios das fichas de exercicios de linguaxe musical.<br>▪ Partituras para frauta doce de cancións que reforzan ou amplían os contidos do curso.<br>▪ Audios da interpretación en frauta das partituras.<br>▪ Enlaces de Youtube de audicións relativas aos contidos dados.<br>▪ Aula Virtual.<br>▪ Correos electrónicos e chamadas telefónicas.<br>▪ Unha sesión de videoconferencia semanal con cada un dos grupos. |

| 3. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Publicación na aula virtual do IES Pedra da Auga no foro de novas de todos os cursos da materia de música. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |